



Estimado/a Presidente/a,

No marco das súas competencias e funcións, a Secretaría Xeral para o Deporte continúa traballando para abordar a extraordinaria situación que estamos a vivir, e que afecta tamén ao deporte galego de xeito equivalente ao conxunto do Estado e ó contexto internacional.

Certamente, esta labor da Administración deportiva autonómica precisa da maior coordinación co tecido deportivo, nomeadamente coas federacións deportivas galegas, procurando solucións e medidas que minimicen ó máximo posible, e en todas as fronteiras que se nos plantexan, os prexuízos que a actual crise sanitaria está a ocasionar ao noso sector.

Este é o motivo polo que te trasladamos as actuacións máis inmediatas que estamos abordando dende distintos ámbitos, pero sempre na estrita materia deportiva, requirindo a vosa activa colaboración respecto de cada unha delas:

1. Convenios de colaboración para a actividade federativa do exercicio 2020.

A Secretaría Xeral está a tramitar os procedementos administrativos oportunos para proceder ó primeiro pagamento no menor tempo posible. A este respecto, compre transmitir tranquilidade, xa que a tramitación se está desenvolvendo con normalidade na data actual.

Con todo, e prevendo o impacto da situación actual na execución das actuacións previstas no marco dos convenios de colaboración tal e como se acordaron inicialmente, a Secretaría Xeral estudiará as eventuais modificacións dos termos da colaboración subscrita con cada unha das federacións, nas condicións e segundo o procedemento que se contempla no último parágrafo da cláusula primeira, e na que se dispón que *"En todo caso, e non obstante esta concreción, sempre que o interese deportivo así o aconselle, poderá procederse, logo da solicitude motivada da federación e da autorización expresa e por escrito da Secretaría Xeral para o Deporte, á modificación dos termos da referida ficha I do presente convenio, modificación esta que, en ningún caso, poderá supor incremento da contía total establecida"*.

Por outra banda, e para o caso concreto das federacións que contades con seccións no Centro Galego de Tecnificación Deportiva en Pontevedra, así como nos centros de Vilagarcía e Verducido, solicitamos nos remitades a través do buzón de incidencias que temos habilitado, as medidas que xa tendes adoptado, o unha proposta delas, respecto dos técnicos adscritos aos centros, ao fin de establecer alternativas de adestramento para os/as deportistas destes centros mentres as instalacións continúen pechadas (seguimento online, vídeos tutoriais, seguimento nutricional...). No seu caso, e de considerarse procedente, podería extenderse estas actuacións a outros deportistas de cada modalidade a través das redes sociais.

2. Competición oficial autonómica 2019/2020.

Non cabe dúbida que a actual tempada 2019/2020 debe ser redefinida, especialmente no tocante aos sistemas de competicións inicialmente establecidos.



Neste punto, solicitámosvos que nos remitades, con data límite do 03/04, a actual situación da vosa competición (xornadas ou campionatos que tiveron que ser suspendidos, aprazados ou que resten por disputar, sistemas de clasificación para as competicións estatais, etc.), así como o criterio ao respecto da vosa federación, a fin de que poidamos substanciar, de común acordo, a solución máis eficaz e menos lesiva para as distintas modalidades.

3. Deportistas de alto nivel.

Avanzámosvos aquí que estamos a traballar nun sistema de prórroga dos actuais recoñecementos vixentes dos que seredes puntualmente informados, a fin de evitar maiores prexuízos para os/as deportistas. Asemade, e no caso do programa Toquio 2020 e das becas, debémosvos confirmar que estas medidas continuarán sendo efectivas, sen prexuízo dos reaxustes que sexan necesarios adoptar para garantir a súa maior eficacia.

4. Seguro deportivo 6/16.

Remarcamos neste punto a plena vixencia da póliza contratada pola Secretaría Xeral para o Deporte, recordando en todo caso as actuais limitacións de actividades derivadas das declaracións de alarma e de emerxencia sanitaria por coronavirus, é dicir que actividade está suspendida.

Apuntarvos que as medidas que vimos de relacionar non son excluíntes doutras que se vaian adoptando, tanto por esta Secretaría Xeral como por outros departamentos da Xunta de Galicia, e outras administracións competentes, e que poidan ser do interese para o ámbito deportivo. Nestas medidas impulsadas dende outros departamentos da Administración autonómica, o Instituto Galego de Promoción Económica, IGAPE, está a implementar liñas de liquidez dirixidas principalmente a empresas e autónomos. Dende a Secretaría Xeral estamos traballando con este organismo para intentar habilitar liñas específicas para o noso sector, polo que necesitamos nos remitades tamén información para realizar a diagnose actual coa maior precisión posible. Xunto a outras cuestións que consideredes oportunas, rogamus remitades o tipo de liquidez que necesitarían clubs e federacións, as fontes de ingresos que se viron minoradas ou suprimidas pola actual crise sanitaria, así como unha estimación do número de clubs e federacións que se acollerían a estas axudas.

Finalmente, queremos tamén facer fincapé en que, na intención de minimizar os prexuízos para os clubs e deportistas da nosa Comunidade, é imprescindible insistir na necesaria coordinación entre as Comunidades Autónomas e o Consejo Superior de Deportes. Por este motivo, e como xa vos informamos, trasladamos ao CSD a necesaria coordinación, especialmente no ámbito competicional estatal. Ningunha medida tomada en Galicia ou adoptada no marco das competicións estatais, deben supoñer dano ou menoscabo algún para os intereses do deporte galego, sobre todo si estes veñen motivados por contradicións ou por unha falta de coordinación entre as institucións e axentes concernidos.



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

Rúa Madrid 2-4, 2º, Fontiñas  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 881 996 342/43 - Fax: 881 996 346  
E-mail: [secretaria.deporte@xunta.es](mailto:secretaria.deporte@xunta.es)

galicia

Estamos abertos a calquera suxerencia que querades trasladar, e aproveitamos tamén para agradecer o compromiso e a responsabilidade das vosas federacións, nestes momentos tan complicados dos que, estamos seguros, sairemos reforzados.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2020  
Atentamente,  
O secretario xeral Para o Deporte  
José Ramón Lete Lasa

 <b>FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO</b>	
<b>27 MAR. 2020</b>	
ENTRADA N.º 189	SAIDA N.º

PD: Buzón de incidencias: [incidecias-federacions.deporte@xunta.gal](mailto:incidecias-federacions.deporte@xunta.gal)